

CAMPAÑA “SER MUTANTE”

do Laboratorio Mutante para a Ecoloxía dos Saberes

Obxectivos do proxecto:

O Laboratorio Mutante para a ecoloxía dos Saberes xorde do xerme do proxecto “Mutante’s: Xornadas de Encontro entre Iniciativas de Innovación Rural”(RM) celebradas en outubro do 2020. Estas foron xestadas por integrantes de Outonía a través do colectivo Rural Mutante e concibidas como unhas xornadas de visibilización e exemplo de ideas emprendedoras e/ou creativas dentro do rural. Coa intención de promover e visibilizar modelos de vida máis sustentables, principalmente entre a mocidade.

O obxectivo xeral da presente proposta a necesidade de xerar espazos de construción de coñecemento, sensibilización e participación, destinados ao encontro da mocidade, tendo como máxima a construción de alternativas de acción ante a crise climática global.

Dentro deste, a Campaña #SerMutante, onde se enmarca a proposta de aprendizaxe-servizo ten como obxectivos:

- Sociais/ambientais:
 - Favorecer o acceso á información veraz da mocidade en torno á crise climática actual.
 - Contribuír a activar á mocidade en torno á crise climática.
 - Proporcionar espazo para acoller e difundir as propostas que dende mocidade participativa se elaboran para lidar coa crise ecosocial.
- De aprendizaxe:
 - Proporcionar un marco para que a mocidade desenvolva capacidades comunicativas baseadas na voz propia e na posibilidade de influencia no discurso público.
 - Contribuír na democratización dos saberes con carácter socioambiental.
 - Xerar propostas de participación que permitan o diálogo social con especial énfase na mocidade.
 - Fomentar o pensamento crítico sobre como desenvolver alternativas sustentables nos modos de vida e profesionais nos diferentes ámbitos (tanto por parte das persoas que se están a formar como aquelas en situación activa)

Breve descrición do proxecto:

O laboratorio Mutante para a ecoloxía dos saberes (LM) é unha iniciativa que combina os medios tecnolóxicos, analóxicos e participativos. Coa intención de xerar unha serie de espazos e experiencias que promovan a concienciación da poboación moza en torno á loita contra o cambio climático. Con obxectivo de diversificar os lugares e formatos de aprendizaxe para contribuír á democratización do coñecemento, o LM propón tres tipos de mecanismos.

- Obradoiros experienciais e creativos sobre o abandono do territorio rural.
- Webminarios temáticos sobre as principais temáticas implicadas no cambio climático.
- A campaña de sesibilización #SerMutante.

Esta última é a que acolle o formato de aprendizaxe-servizo. Proponse a creación de pímulas informativas en forma de vídeos de IGTV no cal a mocidade visibilice o seu papel, propostas e experiencias con respecto ao cambio de paradigma que require a crise ecosocial.

Encarada como aprendizaxe-servizo búscase que estudantado universitario comparta dous tipos de contido:

- Experiencias xa desenvolvidas no marco das súas disciplinas que encaixen nese cambio de paradigma.
- Propostas con respecto a como encaran o cambio de paradigma nos seus futuro laborais.

Participantes:

- Proposta de Outonía
- Profesorado: David García Romero, Carmela Cambeiro Lourido, Iria Vázquez Silva (aberto a máis profesorado)
- Estudantes:
Maxisterio (infantil e primaria), Ciencias da actividade física e do Deporte, e Educación social. Da USC e UVigo

Función do estudantado:

Elaborar vídeos de IGTV sobre as experiencias innovadoras levadas a cabo previamente e sobre os cambios que cren necesarios e poden incorporar nas súas perspectivas de futuro profesional.

Asegurar a difusión na redes de ditos vídeos nas redes sociais.

Condições dos vídeos:

- Duración de entre 4 e 15 minutos.
- Formato: vídeo gravado en vertical, cun teléfono móbil, poden aparecer as persoas que se consideren oportunas.
- Estrutura:
 - Breve presentación das persoas/grupo que realizan o vídeo (ata un máximo de 5)
 - Presentación/descrición da experiencia ou contido a mostrar
 - Vinculación de esta experiencia coa loita contra o cambio climático.

Avaliación proposta (no caso de educación social):

- Amplitude da difusión.
- Calidade argumentativa, de contido e realismo das exposicións.
- Existencia de contidos ligados á educación na sociedade.
- Creatividade, comprensibilidade e atractivo dos vídeos.